



## Concello de Cangas

### **O CONCELLO DE CANGAS INICIARÁ EN BREVE UN NOVO OBRADOIRO DE EMPREGO RELACIONADO CO ÁMBITO FORESTAL, DENOMINADO *GRANXA DA RÚA XII* (2023/2024).**

O Concello de Cangas acaba de recibir unha subvención da CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA, por un importe de 537.046,20 euros, para poñer en marcha un novo OBRADOIRO DE EMPREGO relacionado co ámbito Forestal, denominado *GRANXA DA RÚA XII*, que terá unhas características similares a dos Obradoiros Forestais que xa se levan realizado nestes últimos cinco anos e que se desenvolverá nos anos 2023 e 2024 (12 meses de duración).

**As persoas desempregadas que estean interesadas en participar nel como alumnas-traballadoras deben solicitalo canto antes na Oficina de Emprego de Cangas**, xa que a preselección de persoas candidatas vaise realizar en breve.

O Obradoiro de Emprego está dirixido a un total de 20 persoas en situación de desemprego (10 por especialidade), que serán contratadas polo Concello de Cangas na modalidade de contrato para a formación, por un período de 12 meses e a xornada completa. Durante este tempo recibirán a formación teórico-práctica prevista nos dous certificados de profesionalidade que se van impartir en cada especialidade, alternándoa ademais co desenvolvemento de traballos reais en diferentes espazos forestais das tres Comunidades de Montes do municipio.

Vanse impartir **dúas especialidades do ámbito Forestal**, compostas dos **certificados de profesionalidade** seguintes (un dos certificados común a ambas especialidades):

- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes e Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas, na que participarán 10 alumnos/as traballadores/as.
- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes e Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural, na que participarán 10 alumnos/as traballadores/as.

Así mesmo, nestes días o Concello de Cangas vai poñer en marcha tamén a selección do persoal docente e de coordinación que vai traballar no Obradoiro, formado por un total de 4 persoas traballadoras.

**Para ampliar información ou aclarar dúbidas, as persoas interesadas poden poñerse en contacto coa Casa de Oficios do Concello, no correo [casadeoficios@cangas.gal](mailto:casadeoficios@cangas.gal), facilitando un teléfono ao que poder chamarlles.**

**A CONCELLEIRA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, DESENVOLVEMENTO LOCAL, TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN VECIÑAL**

**Lucía Docampo Martínez**